

DECRETO NÚMERO 15004499 DO 02/06/2015

Excmo. Sr. Don JOSE CLEMENTE LOPEZ OROZCO.- Alcalde- Presidente, en funcións, do Excmo. Concello de Lugo.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de outubro mil catorce, adoptou, entre outros, o acordo número 19/793 ABSTENCIÓN DE DON ANGEL RIVA CABANAS NO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE ARQUITECTO, EN QUENDA LIBRE, en cuxa parte dispositiva se pon de manifesto que a Xunta de Goberno Local acorda: Admitir a abstención, no proceso selectivo convocado para a cobertura, en quenda libre, dunha praza de Arquitecto, de don Ángel Riva Cabanas e nomear como vogal suplente a dona Marta Carballal Neira, Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos do Concello de Lugo.

De igual xeito, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de novembro de dous mil catorce, adoptou, entre outros, o acordo número 8/850 SOLICITUDE DE ABSTENCIÓN DE DON PABLO FUENTES FAILDE NO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE ARQUITECTO, EN QUENDA LIBRE, en cuxa parte dispositiva se pon de manifesto que a Xunta de Goberno Local acorda: a substitución de Don Pablo Fuentes Failde do tribunal do procedemento selectivo convocado para a cobertura dunha praza de arquitecto/a en quenda libre, e solicitarlle á Xunta de Galicia un funcionario/a coa categoría de arquitecto/a para formar parte deste Tribunal.

Tendo en conta que polo Decreto número 14010525 do 18/11/2014 se resolveu a suspensión do proceso selectivo convocado por este Concello polo Decreto 12001080, de data do dezasete de febreiro de dous mil doce, para o acceso en propiedade a unha praza de Arquitecto/a, pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, en tanto non se proceda á resolución das solicitudes de abstención presentadas por varios membros do Tribunal do citado procedemento selectivo.

Unha vez resoltas ditas solicitudes de abstención, esta Alcaldía, en uso das atribucións conferidas polos artigos 124 e 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como en virtude do acordo nº 16/388 da Xunta de Goberno Local, do 29 de maio de 2013, e do decreto número 13008312, do 30 de agosto de 2013, modificado polos decretos números 14003100, 14004468 e 15000652, de datas do 31 de marzo de 2014, 12 de maio de 2014 e do 2 de febreiro de 2015, respectivamente, **RESOLVE:**

Primeiro.- Levantar a suspensión disposta polo Decreto 14010525 do 18/11/2014 no proceso selectivo convocado por este Concello polo Decreto 12001080, de data do dezasete de febreiro de dous mil doce, para o acceso en propiedade a unha praza de Arquitecto/a, pertencente ó cadro de persoal

PERSOAL

MLP/egp

Refª: 15drlevantsusprocselectivoarquitecto

Asunto: Levantamento suspensión proc. selectivo 1 praza de Arquitecto/a

funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, continuando con dito proceso.

Segundo.- Dease traslado do disposto ó Boletín Oficial da Provincia de Lugo e Taboeiro de Anuncios municipal, con indicación de que esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da súa notificación, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo ou, á elección do interesado, ante o da circunscrición onde teña o seu domicilio. Malia o anterior, e con carácter previo e potestativo, poderá interpoñer recurso de reposición, no prazo de UN MES, contado dende o seguinte á notificación da presente resolución, sen prexuízo de que vostede interpoña calquer outro recurso que estime procedente en Dereito.

Cúmprase.